

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 28 DE FEBREIRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.
- Decreto polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 8 de marzo de 2019.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Itinerario peonil e ciclista na AC-116. AC-114 – Meirás, puntos quilométricos 6+500 - 12+030, de clave AC/16/063.06, nos concellos de Narón e Valdoviño.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Barreiros, dun tramo do viario provincial LU-P-0608, entre o p.q. 0+000 (intersección N-634) e o p.q. 0+860 (intersección LU-P-6103).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se declara municipio turístico o concello de Pantón (Lugo).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Confederación



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e o mantemento de Cogami e das súas entidades para o exercicio 2019. Importe: novecentos noventa e tres mil trescentos doce euros (993.312 €).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (Faxpg), para o financiamento do programa de atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e o mantemento da federación para o exercicio 2019. Importe: setecentos cincuenta e nove mil oitocentos vinte e seis euros (759.826 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Feafes Galicia), para o financiamento dos seus programas dirixidos a persoas con enfermidade mental residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e o mantemento da entidade para o exercicio 2019. Importe: seiscentos dezasete mil oitocentos cincuenta e seis euros (617.856 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia), para o financiamento de programas destinados ás persoas con discapacidade intelectual, coa síndrome de Down, con discapacidade recoñecida e/ou en situación de dependencia e ás súas familias, e o mantemento da federación para o exercicio 2019. Importe: catrocentos sesenta e nove mil cento oitenta euros (469.180 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Galega de Atención Temperá (Agat), para contribuír ao financiamento dun servizo social comunitario específico de atención temperá a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecerlos e ás súas familias para o exercicio 2019. Importe total de trescentos quince mil euros (315.000€).



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (Fademga Plena Inclusión Galicia), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias, e o mantemento de Fademga Plena Inclusión Galicia para o exercicio 2019. Importe: douscentos corenta e seis mil cincocentos euros (246.500 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace), para o financiamento dos programas de atención ambulatoria, de rehabilitación funcional e inclusión social de persoas con dano cerebral adquirido e o mantemento da federación e das entidades federadas para o exercicio 2019. Importe: Douscentos vinte e dous mil oitenta e sete euros (222.087 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de Pais, Profesionais e Amigos das Persoas con Discapacidade Intelectual (Special Olympics Galicia), para o mantemento e a promoción da integración social dirixida ás persoas con discapacidade intelectual de Galicia e ás súas familias mediante a realización de actividades deportivas adaptadas, lecer, formativas e de promoción do voluntariado para o exercicio 2019. Importe: cento noventa e nove mil catrocentos corenta e tres euros (199.443 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Entidades e Organizacións Protectoras de Persoas con Autismo da Comunidade Autónoma de Galicia (Autismo Galicia), para promover a atención das persoas con trastornos do espectro autista e ás súas familias en Galicia e para o mantemento da federación e das entidades federadas para o exercicio 2019. Importe: cento sesenta e dous mil setecentos noventa e seis euros (162.796 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou Patoloxías Afíns (Aspace Galicia), para o financiamento do programa de promoción da autonomía persoal de persoas con parálise cerebral e o mantemento da entidade para o exercicio 2019. Importe: oitenta e nove mil douscentos cincuenta euros (89.250€).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (Fagal), para o financiamento dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de alzhéimer residentes en Galicia e o mantemento da federación para o exercicio 2019. Importe: oitenta e nove mil douscentos cincuenta euros (89.250€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de Parapléxicos e Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym Galicia), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares residentes en Galicia e o mantemento da entidade para o exercicio 2019. Importe: corenta e cinco mil cento corenta e dous euros (45.142 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec), para o financiamento de actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e crónicas e o mantemento da federación para o exercicio 2019. Importe: vinte e tres mil trescentos dez euros (23.310€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre as previsións da oferta de emprego público de 2019 para a súa posterior negociación coas organización sindicais.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a actividade e xestión anual do Complexo Medioambiental de Sogama.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia da obra de reparación de desprendemento na CG-4.1 (enlace de Meira-Alto da Porteliña), ramal de saída a Cangas, p.q. 11+100 (t.m. Moaña), de clave PO/19/023.02, por importe total dun millón catrocentos cincuenta e sete mil novecentos setenta e oito euros con setenta e dous céntimos (1.457.978,72 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Estratexia galega da responsabilidade social empresarial (RSE) e a convocatoria dos Premios RSE Galicia 2019.

A XUNTA APROBA UNHA MODIFICACIÓN DO DECRETO QUE UNIFICA OS PROCESOS SELECTIVOS DA POLICÍA LOCAL PARA AXILIZAR PRAZOS

- ***O obxectivo é facilitar a tramitación en todo o posible para que os concellos poidan cubrir as prazas dos corpos de Policía Local***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do decreto que regula os procesos unitarios para acceder aos corpos de policía local co obxectivo de axilizar os prazos, de xeito que os concellos adheridos a esta iniciativa poidan cubrir no menor tempo posible as súas prazas vacantes.

Esta modificación do decreto inclúe reducir a 10 días o prazo de presentación de solicitudes para prazas de persoal auxiliar; poder utilizar o procedemento de urxencia por razóns de interese público, o que permitirá reducir á metade os prazos ordinarios en distintas partes do proceso; reducir os tempos entre probas, de maneira que a proba de avaliación do coñecemento da lingua galega poderá levarse a cabo no mesmo día e, a continuación, a proba de avaliación dos coñecementos.

Ademais, esta modificación habilita tamén a posibilidade de ampliación dos prazos establecidos para que os concellos comuniquen as prazas que serán obxecto dos procesos selectivos.

Colaboración cos concellos

A Xunta, dentro das súas competencias, está a prestar a máxima colaboración para poder axudar os concellos a facer fronte á eventual falla de persoal que se pode producir nos corpos de policía local debido ao novo decreto que posibilita as xubilacións anticipadas. Esta modificación normativa foi proposta pola propia Federación de Municipios e Provincias e aprobada polo Goberno central, pero non se prepararon medidas preventivas para ela.

O ano pasado implantouse por primeira vez a posibilidade de unificar o proceso selectivo na Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp). Así, os concellos que o desexen poden delegar na Xunta de Galicia a realización dos procesos selectivos para estes postos, co importante aforro económico e de xestión administrativa que iso supón. Ao mesmo tempo favorécese a calidade do proceso selectivo, asegúrase a cobertura de prazas e acádase unha policía local cada vez máis especializada.

Ata o de agora, un total de 65 concellos xa asinaron os convenios para delegar na Xunta os procesos selectivos de policías locais e auxiliares, o que supón o 50% dos 130 concellos galegos que contan con estes corpos.

En 2018, a través deste proceso, convocáronse 109 prazas de persoal auxiliar de policía local e 38 da categoría de policía. Este ano aínda está aberto o proceso de solicitude para os concellos que pediron unha prórroga e poder comunicar as prazas ata hoxe mesmo, 28 de febreiro.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

A Xunta está en disposición de realizar os cursos selectivos que sexan necesarios para cubrir as prazas que precisen os concellos. Do mesmo xeito, se a convocatoria de oposicións non for suficiente (por se produciren xubilacións a posteriori) poderá realizarse unha convocatoria extraordinaria.

A XUNTA DECRETA OS SERVIZOS MÍNIMOS ESENCIAIS DURANTE A FOLGA CONVOCADA PARA O DÍA 8 DE MARZO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que dita as normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o vindeiro venres 8 de marzo no que hai previstas diversas convocatorias de folga xeral con diversos tramos horarios e que afectará todas as actividades e centros de traballo, tanto empresas privadas como do sector público, con vínculo funcional, estatuario ou laboral, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, e que se desenvolverá desde as 00.00 horas do 8 de marzo ata as 24.00 do mesmo día.

Ante esta convocatoria e diante da necesaria conciliación entre o exercicio do dereito de folga e o mantemento dos servizos esenciais, a Administración autonómica fixou hoxe uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais que figuran no decreto.

Neste decreto recóllense os servizos esenciais no ámbito da Presidencia, na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; na Consellería de Facenda; na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; na Consellería de Infraestrutura e Mobilidade; na Consellería de Economía, Emprego e Industria; na Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional; na Consellería de Cultura e Turismo; na Consellería de Sanidade, na Consellería de Política Social, na Consellería do Medio Rural e na Consellería do Mar. Neste decreto non están incluídos nin o persoal sanitario nin o persoal da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Desta forma, establécense servizos mínimos respecto dos sectores e actividades cuxa regulación é competencia dalgunha das consellerías da Xunta de Galicia e que poden afectar o desenvolvemento ordinario da actividade cidadá, como son entre outros, sanidade, seguridade, protección civil, transportes e comunicacións, rexistros públicos, edificios, bens e instalacións públicas, asistencia social e educación, servizos de vixilancia e extinción de incendios, bombeiros, CIAE 112 Galicia, Xulgados de Garda e de Violencia de Xénero, Sogama, servizos regulares de uso especial para transporte de escolares, para transporte de persoas traballadoras, para transporte de mercadorías e transporte funerario.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA NA ESTRADA AC-116, ENTRE O CRUCEIRO E LAGO, NOS CONCELLOS DE NARÓN E VALDOVIÑO

- ***O Goberno galego, que prevé un investimento duns 865.000 euros neste proxecto, incluídas as expropiacións, ten previsto licitar as obras nas vindeiras semanas***
- ***O Decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 53 medios necesarios para a construción dun itinerario peonil seguro e accesible entre o p.q. 6+500 e o 10+400 da citada vía***
- ***A intervención ten por obxecto a execución dunha senda para conectar co paseo que bordea a lagoa da Frouxeira e que chega ata o núcleo de Atios, en Valdoviño, o que permitirá a conexión peonil ao longo de toda a estrada***
- ***Ademais reformarase a intersección existente no acceso á lagoa de Frouxeira, eliminando parcialmente o carril central de espera para virar á esquerda, para executar un paso de peóns e dar prioridade á circulación peonil***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución dun itinerario peonil e ciclista na estrada AC-116, entre O Cruceiro e Lago, ao seu paso polos concellos de Narón e Valdoviño.

O Executivo autonómico, que prevé un investimento duns 865.000 euros neste proxecto, incluíndo o orzamento para as expropiacións, ten previsto licitar as obras nas vindeiras semanas.

O Decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 53 medios necesarios para a execución dun itinerario peonil seguro e accesible nesta estrada, entre o p.q. 6+500 e o 10+400.

A intervención ten por obxecto a execución dunha senda para conectar co paseo que bordea a lagoa da Frouxeira e que chega ata o núcleo de Atios, no municipio de Valdoviño, o que permitirá a conexión peonil ao longo de toda a estrada AC-116.

Executarase unha senda pola marxe dereita da estrada que sumará 3,2 km, o que permitirá completar un itinerario peonil continuo entre as travesías do Cruceiro, no concello de Narón, e Lago, situado no de Valdoviño.

Desde este punto a AC-116 ten xa beirarrúas ata o seu final, polo que coas sendas previstas quedará conectado o paseo da lagoa de Frouxeira, que parte da travesía de Lago, tanto desde Narón como desde Valdoviño.

Ademais, reformarase a intersección existente no acceso á lagoa da Frouxeira, eliminando parcialmente o carril central de espera para virar á esquerda, para executar un paso de

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

peóns e dar prioridade á circulación peonil. Os vehículos poderán xirar na glorieta existente a 300 metros, no p.q. 12+360.

A obra complementábase coa construción das instalacións necesarias para garantir a drenaxe axeitada.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE BARREIROS DA TITULARIDADE DUN TRAMO DE ESTRADA PROVINCIAL

- ***Os cambios de titularidade tramítanse conforme a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade***
- ***Coa transferencia, o concello será responsable da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Barreiros da titularidade dun tramo da vía provincial de San Cosme de Barreiros á estrada de Vilamar a Reme.

Trátase dun treito da estrada LU-P-0608 de San Cosme de Barreiros, cruzamento coa N-634, por Insua ata O Cruce Insua, na estrada LU-133, ao seu paso polo termo municipal deste concello lucense.

O Concello de Barreiros solicitou á Deputación Provincial de Lugo o cambio de titularidade do citado tramo de vía, entre o punto quilométrico 0+000, que coincide coa intersección da N-634, e o p.q. 0+860, intersección coa estrada LU-P-6103. Este treito ten un carácter urbano e conta cun itinerario alternativo segundo informa o organismo provincial.

O organismo provincial de Lugo considerou axeitado o cambio de titularidade a prol do Concello de Barreiros, polo que emite informe favorable para a transferencia deste treito e solicita o cambio de titularidade destas estradas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do concello lucense de Barreiros deste treito provincial tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo executivo autonómico, o Concello de Barreiros terá a competencia para actuar en ambas as vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto, que aprobou hoxe o executivo autonómico, producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

GALICIA SUMA XA 48 MUNICIPIOS TURÍSTICOS, TRAS A DECLARACIÓN DO CONCELLO LUCENSE DE PANTÓN

- ***O Consello da Xunta ratificou hoxe esta distinción, que suporá un impulso económico e de promoción para este núcleo da Ribeira Sacra***

O Consello da Xunta ratificou a decisión tomada no pasado mes de decembro durante o Consello Galego de Turismo, onde se emitiu un informe favorable para a declaración do concello de Pantón como municipio turístico. Galicia suma xa así un total de 48 municipios con este recoñecemento, e é a provincia de Lugo –con 14– a que ten máis concellos distinguidos.

Esta declaración supón un aval para Pantón e acredita o valor do importante patrimonio histórico –sobre todo románico– que atesoura este concello lucense, tamén reforzado pola súa localización como un dos integrantes da Ribeira Sacra, candidata a Patrimonio Mundial da Unesco, e que son elementos que supoñen o principal reclamo deste concello e tamén o do interior de Galicia.

Como municipio turístico, Pantón poderá beneficiarse a partir de agora das liñas de fomento e promoción, así como das políticas de implantación ou mellora de infraestruturas e servizos que pode determinar a Xunta de Galicia para este tipo de municipios. Suporá, por tanto, un novo impulso turístico e económico para este concello lucense incluído nunha das comarcas expoñentes do turismo cultural e enogastronómico de Galicia.

Para este recoñecemento tívose en conta que cumprise todos os requisitos incluídos no decreto que regula este tipo de municipios e que inclúen, entre outros, que a media ponderada anual de poboación turística sexa superior ao 25% do número de veciños, que o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior ao 50% do número de veciños ou que acredite contar con algún recurso ou servizo turístico que xere unha cantidade de visitantes cinco veces superior á da súa poboación. Neste sentido valoráronse, entre outros, o Mosteiro Cisterciense de Ferreira ou o Balneario Oca Augas Santas.

Con este recoñecemento, a Comunidade galega conta xa con 48 concellos recoñecidos como municipios turísticos. Na provincia de Lugo, xunto con Pantón, tamén teñen o recoñecemento Ribadeo, Monforte de Lemos, Mondoñedo, Chantada, Viveiro, Foz, Quiroga, Samos, Lugo, Sarria, Sober, Palas de Rei e Portomarín. Na provincia da Coruña son os concellos de Betanzos, Corcubión, Fisterra, Miño, Padrón, Pontedeume, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Santiago de Compostela, Rianxo, Laxe, Cedeira e Muros.

Na de Ourense inclúense Leiro, Monterrei, A Pobra de Trives, Allariz, Nogueira de Ramuín, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, A Veiga e Parada de Sil. Súmanse once máis na provincia de Pontevedra: Baiona, Mondariz-Balneario, Sanxenxo, Cambados, O Grove, Tui, Poio, Cangas, A Guarda, Nigrán e Vilagarcía de Arousa.

A XUNTA DE GALICIA INVISTE 4,2 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR A ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE DE 13 ENTIDADES SOCIAIS

- ***Garante o servizo que ofrecen estas organizacións a 75.000 persoas e ás súas familias por toda a comunidade***
- ***Todas elas contarán cun anticipo do 80% do importe da axuda para que xa desde o primeiro momento conten coa liquidez suficiente para realizar o seu labor***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura de 13 convenios con outras tantas entidades de atención á discapacidade física e intelectual, ás cales se lles destina un importe de máis de 4,2 millóns de euros, un 43% máis do que recibían no ano 2009, para mellorar o servizo que prestan. Todas elas contarán cun anticipo do 80% do importe da subvención, para que xa desde o primeiro momento conten coa liquidez suficiente para seguir realizando o seu labor.

Entre as entidades que recibirán esta achega autonómica están as seguintes federacións: a de persoas xordas (Faxpg), a que integran as asociacións a favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (Fademga-Plena Inclusión), as que se ocupan da atención a persoas con enfermidades mentais (Feafes), con doenzas raras e crónicas (Fegerec), con Alzheimer (Fagal), con dano cerebral (Fegadace) e con parálise cerebral e patoloxías afíns (Aspace).

Tamén se beneficiarán destas subvencións as organizacións Special Olympics, a Asociación Galega de Atención Temperá (Agat), Down Galicia, Autismo Galicia, a Asociación de Parapléxicos e de Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym) e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami).

A través dos convenios hoxe autorizados, a Xunta garante a continuidade do servizo que estas entidades prestan a 75.000 persoas e ás súas familias por toda a xeografía galega.

Galicia destina nos orzamentos, xa en vigor desde comezos de ano, unha partida de 106 millóns de euros a este eido, un 63% máis que o que se investía hai unha década. Grazas a este importe, na actualidade xa se superan as 5.400 prazas públicas de atención á discapacidade, un 25% máis que en 2009.

A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA XUNTA ESTE ANO ASCENDERÁ A 5.833 PRAZAS, A MAIOR DESDE 2008

- ***Un ano máis, a Administración galega esgota ao máximo a taxa de reposición***
- ***Para cumprir os obxectivos de solvencia e estabilidade orzamentaria Galicia dispón este ano de 213 prazas extra, que o Consello da Xunta decidiu dedicar integramente á sanidade***
- ***Na sanidade pública ofertaranse 1.323 prazas e atenderase aos ámbitos asistenciais de maior demanda de efectivos***
- ***Este ano haberá unha oferta récord de médicos de familia, con 200 prazas, e outras 35 prazas para pediatras de atención primaria***
- ***Na Administración xeral ofertaranse 2.446 prazas, das cales 1.388 son de acceso libre e o resto para promoción interna e funcionarización do persoal laboral fixo***
- ***A distribución das prazas na Administración Xeral e Sergas será abordada coas organizacións sindicais, para aprobar os decretos neste primeiro trimestre***
- ***No eido da educación, as 2.064 prazas da oferta de emprego de 2019 xa foron publicadas no DOG e as probas realizaranse unha vez que remate o curso escolar***

A oferta de emprego público (OEP) da Xunta para o ano 2019 contará cun total de 5.833 prazas nos ámbitos da sanidade, a educación, os servizos sociais e a Administración xeral, o que supón a cifra máis alta desde o ano 2008. Con este volume de prazas volve quedar garantido que as persoas que queren traballar na Xunta poidan opositar, así como o dereito das que xa traballan na Administración galega á promoción e á mellora profesional.

Segundo reflicten os datos dun informe abordado hoxe no Consello da Xunta, 1.323 prazas ofertaranse na sanidade pública e servirán para atender ámbitos asistenciais prioritarios, como a medicina de familia e a pediatría en atención primaria. Outras 2.446 prazas correspóndense co ámbito da Administración xeral e permitirán reforzar eidos prioritarios como os servizos sociais, mentres que as 2.064 prazas restantes se corresponden co decreto de oferta de emprego na educación, publicado xa no DOG e cuxas probas se realizarán –como é habitual– unha vez que remate o actual curso escolar.

O volume de postos ofertados supón un incremento de 97 prazas respecto á oferta do ano 2018 e supón elevar a máis de 11.500 as prazas ofertadas no período 2018-2019. En todo caso, a distribución definitiva das prazas na Administración xeral e no Servizo Galego de Saúde será abordada coas organizacións sindicais nos vindeiros días, co obxectivo de aprobar neste trimestre os decretos das ofertas de emprego público.

Nesta oferta de emprego, a Xunta decide esgotar ao máximo a taxa de reposición de efectivos do 100% que establece a normativa estatal. A maiores, as comunidades autónomas máis solventes teñen a posibilidade de ofertar un 8% adicional, un beneficio ao que Galicia tamén accederá por ter cumprido en 2018 os obxectivos de estabilidade orzamentaria (déficit, débeda e regra de gasto). Este beneficio tradúcese en 213 prazas de

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

emprego e, como novidade, o Consello da Xunta decidiu destinar integramente á sanidade esas 213 prazas, incluídas as partes correspondentes á Administración xeral e á educación.

Prioridade sanitaria

A oferta pública de emprego do Servizo Galego de Saúde para 2019 incluírá 1.314 prazas para a súa cobertura no sistema sanitario público de Galicia, ás cales se suman outras nove prazas ás escalas de funcionarios de carreira da escala de saúde pública e Administración sanitaria. Con esta nova oferta, son 8.847 os profesionais que se incorporarán ás institucións sanitarias do sistema público de Galicia, con vínculo de fixeza, desde 2009.

A oferta na sanidade pública dará resposta ás necesidades asistenciais e organizativas prioritarias, con especial atención aos ámbitos asistenciais cunha maior demanda de efectivos, como a medicina de familia e pediatría, e aquelas outras categorías que rexistran unha maior necesidade de estabilización dos seus cadros de persoal.

En primeiro lugar, o Sergas ofertará 332 prazas de persoal licenciado sanitario, das cales 200 prazas son de médicos de familia –unha oferta récord– e 35 de pediatras de atención primaria, co fin de promover a cobertura de persoal no primeiro nivel asistencial. Hai que ter en conta que neste 2019 se convocarán procesos selectivos destas dúas categorías acumulando as ofertas de emprego público do 2018 e 2019; polo que o número de prazas convocadas será de 254 na categoría de médico de familia, e 93 na categoría de pediatra de atención primaria.

Para diplomados sanitarios e de formación profesional a oferta é de 567 prazas, incluíndo dúas categorías de enfermeiro/a: especialista en enfermaría familiar e comunitaria, e especialista en pediatría. Isto permitirá reforzar a atención primaria e a implantación no Servizo Galego de Saúde das especialidades de enfermaría. A oferta complétase cun total de 415 prazas de persoal de xestión e servizos das áreas de administración, traballo social, mantemento e hostalaría.

O sistema selectivo será o de concurso-oposición e respectará os principios de libre concorrência, igualdade, mérito e capacidade. Do total de prazas, 93 reservaranse para o seu acceso por persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%, das cales, 66 serán para discapacidade e 27 para discapacidade intelectual. Estas últimas concentraranse estas últimas nas categorías de persoal de servizos xerais e pinches. Así mesmo, convocaranse ata un máximo do 50% das prazas para a súa provisión polo sistema de promoción interna.

Administración Xeral

No ámbito da Administración xeral, a Xunta de Galicia prevé ofertar neste 2019 un total de 2.446 prazas, das cales 1.388 serán a través de procesos selectivos de acceso libre –aos que se pode presentar calquera persoa que queira traballar na Administración galega e cumpra os requisitos– e outras 1.058 prazas para promoción interna do persoal funcionario (220) e para a funcionarización do persoal laboral fixo, con 838 prazas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

A maior parte das prazas de acceso libre terán como obxectivo reforzar os servizos sociais que presta a Administración autonómica. O sistema selectivo para a realización das probas tamén será o de concurso-oposición, garantindo en todo caso a aplicación dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, así como respectando a libre concorrencia. Con respecto á reserva da cota para persoas con discapacidade, na oferta de acceso libre reservarase unha porcentaxe non inferior ao 7% das vacantes.

Educación

En canto á educación pública, o decreto da oferta de emprego para 2019 xa foi publicado no DOG este mes logo da súa aprobación no Consello da Xunta do pasado 7 de febreiro. A oferta inclúe un total de 2.064 prazas en 36 especialidades e a previsión da Administración galega é realizar as probas unha vez que remate o curso escolar, como é habitual na Administración educativa, o que garante ter executada a totalidade da oferta de emprego antes do inicio do vindeiro curso.

Do total de prazas incluídas na OEP, 1.788 son para ingreso libre e 276 son para o acceso por promoción interna. De ingreso libre corresponden: 834 prazas ao corpo de profesores de ensino secundario, 138 ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, 30 ao corpo de profesores de escolas de idiomas, 16 ao corpo de profesores de música e artes escénicas e 770 ao corpo de mestres. En canto á promoción interna, ofértanse 276 no corpo de profesores de ensino secundario.

CASE DOUS MILLÓNS DE GALEGOS AFORRARÁN MÁIS DE 4,7 MILLÓNS DE EUROS NO RECIBO DO LIXO COA REBAIXA DO CANON DE SOGAMA

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe no cal se fai un balance dos principais fitos da actividade de Sogama durante 2018, un ano histórico para o complexo medioambiental que lle permitirá chegar en 2020 á vertedura técnica 0***
- ***A boa xestión económica da empresa, que no pasado exercicio logrou cancelar as súas débedas e viu reducidos a mínimos históricos os pagamentos pendentes das entidades locais, permitiu aprobar unha bonificación do 10% para premiar os concellos que se comprometan cunha xestión sostible dos residuos urbanos***
- ***O pasado ano a entidade deu pasos importantes para acadar o incremento das taxas de reciclaxe, coa entrada en funcionamento da nova planta de recuperación de materiais e a redución da taxa de vertedura, que en 2018 se situou no 25,91%, moi por debaixo do 57% en que está a media española***
- ***O transporte de residuos por tren ata Cerceda tamén acadou un novo récord ao chegar ao 58,5% o pasado mes de novembro, cando en 2016 se situaba no 25%***
- ***A ampliación do complexo iniciada en 2018 completárase a mediados deste ano, converterase na infraestrutura das súas características máis eficiente e innovadora de toda Europa e nunha das de maior relevancia a nivel mundial***

Preto de dous millóns de galegos pagarán menos en 2019 polo servizo de xestión do lixo grazas á bonificación acordada pola Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) para aqueles concellos que voluntariamente decidiron acollerse á rebaixa e repercutila no recibo dos seus veciños. Esta é unha das principais conclusións do informe presentado hoxe no Consello da Xunta para facer balance da actividade de Sogama en 2018, un ano “histórico” no que logrou liquidar as débedas pendentes, alcanzou cifras récord de transporte de residuos por ferrocarril e completou a primeira fase da ampliación do complexo, co que logrará incrementar a súa capacidade de tratamento nun 81%, reforzará as súas infraestruturas para reciclaxe e achegarase ao obxectivo do vertedura técnica 0 no ano 2020.

A xestión de Sogama nos últimos anos e o balance económico de 2018 propiciaron precisamente que saíse adiante unha das medidas máis importantes adoptadas no pasado exercicio: a aprobación dunha redución do 10% no canon que lles cobra aos concellos. Unha vez pechado esta semana o prazo para que as entidades locais solicitasen voluntariamente acollerse á medida, un total de 229 concellos –é dicir, o 77% dos 295 adheridos ao modelo Sogama– tramitaron a devandita bonificación, unha decisión que se traducirá directamente para 1.896.754 de galegos nun aforro do 10% no recibo que pagan pola xestión do lixo.

Isto suporá, tendo en conta cal foi a facturación destes concellos a Sogama o ano pasado, que o aforro total para a poboación beneficiaria ascenderá a preto de cinco millóns de euros, concretamente 4.753.268 euros. Esta contía trasladarase de forma directa ao recibo dos usuarios do servizo, condición que asumiron expresamente todos os concellos que

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

solicitaron acollerse á rebaixa do canon, xunto cun compromiso explícito coa redución da produción de residuos e/ou o incremento das taxas de reciclaxe nos seus municipios.

Esta medida enmárcase nun contexto económico moi favorable para a empresa pública, froito da boa xestión económica dos últimos anos e marcada pola optimización dos recursos e a contención do gasto. Neste sentido, o informe subliña como un dos fitos de 2018 a cancelación tanto da débeda financeira da entidade (que ascendía a 125 millóns de euros) como da subordinada cos accionistas (un total de 25,72 millóns de euros). O outro aspecto destacado do balance económico do último exercicio é a evolución da débeda dos concellos, que caeu a mínimos históricos ao situarse en 4,5 millóns de euros, isto é, un 80% menos que en 2013.

Así mesmo, a entidade continuou coa liña de investimentos dos últimos anos para seguir mellorando o servizo que presta, cifrados no informe en 47 millóns de euros, incluíndo o proxecto de ampliación do complexo medioambiental, estimado en 29 millóns, e a nova planta de compostaxe industrial construída nos terreos do vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa e cun custo de 2,5 millóns de euros.

Neste sentido, 2018 supuxo tamén o inicio das obras de ampliación do complexo medioambiental cercedense, coa entrada en funcionamento no último trimestre do ano da nova planta de recuperación de materiais contidos na bolsa negra, á cal se destinou un investimento de 19 millóns de euros.

En xaneiro de 2019 comezou a segunda fase do proxecto, que consistirá na remodelación da antiga planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible. A previsión é que esta obra estea rematada a mediados deste ano de xeito que, unha vez completado o proceso de ampliación, o complexo verá incrementada a súa capacidade de tratamento nun 81%, ao pasar das actuais 550.000 toneladas anuais nominais a 1.000.000 toneladas.

Resultados industriais

Este importante esforzo investidor xunto coas melloras loxísticas introducidas no funcionamento da planta e a optimización dos procesos de xestión reflectíronse tamén no balance industrial de Sogama.

Así, en 2018 a entidade logrou xestionar no propio complexo medioambiental 603.132 toneladas de residuos da bolsa negra (a que acolle a parte non reciclable dos residuos domésticos depositados no contedor verde), un 4,06% máis que o ano anterior e mesmo a pesar de que tamén se incrementou o volume de bolsa negra recibida. A taxa de recuperación de materiais desta fracción, concretamente aceiro e aluminio, creceu un 12,04% respecto do ano anterior, e no caso do vidro, un material que en xaneiro de 2018 por primeira vez empezou a retirarse con periodicidade para a súa entrega na industria recicladora, tamén presentou unha evolución positiva ao longo do ano, ao se acadaren en total as 33.194 toneladas recuperadas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Coa entrada en servizo no último trimestre da planta de recuperación, Sogama está en disposición de separar e recuperar ata 11 tipoloxías de materiais de todos os que contén a bolsa negra. Esta nova instalación suporá un avance substancial en materia de reciclaxe xa que ata o de agora o complexo só estaba preparado para clasificar aceiro, aluminio e vidro.

En canto á bolsa amarela (integrada por envases de plástico, latas e bricks depositados no contedor da mesma cor) os datos de 2018 tamén foron positivos, cun incremento das achegas do 11,12% -24.980,78 toneladas fronte ás 22.479,93 toneladas do 2017-, o que reflicte unha maior colaboración cidadá neste sentido.

Por outra banda e de forma paralela aos avances logrados en materia de recuperación de residuos, o balance de 2018 achega moito máis o complexo medioambiental ao seu obxectivo de reducir o depósito en vertedoiro a porcentaxes mínimas. Se en 2017 a taxa de vertedura en Sogama situábase no 27,19%, o ano pasado baixou ao 25,91%, unha porcentaxe claramente inferior á media española, que leva estancada desde hai anos no 57%.

A intención da entidade é seguir nesta mesma liña de redución progresiva dos residuos que deposita en Areosa ata reducilos ao 10%. Así, Sogama prevé acadar no ano 2020 esta porcentaxe, considerada como vertedura técnica 0 e que acolle unicamente aquela parte do lixo que non se pode reciclar ni valorizar enerxeticamente. A empresa adiantarase deste xeito 15 anos ás directrices comunitarias, xa que o Parlamento Europeo fixou como obxectivo para 2035 limitar a taxa de vertedura ao 10% para todos os Estados membros.

Así mesmo e polo que respecta ao transporte de residuos por ferrocarril, tamén foi un ano histórico ao alcanzarse un novo récord: o 58,5% dos refugallos que chegaron a Cerceda fixérono por tren, cando en 2016 a porcentaxe se situaba nun 25%. A sociedade reforza así a súa aposta por un medio máis respectuoso co ambiente e máis seguro a través do cal no próximo decenio se transportarán 3,75 millóns de toneladas de lixo, cun aforro anual de 800.000 litros de gasóleo e de 2.230 toneladas de CO₂.

Planta de referencia en Europa e a nivel mundial

A nivel industrial e logo de impulsar en 2018 a ampliación do complexo medioambiental de Cerceda, Sogama iniciou o ano activando a segunda fase do proxecto: a remodelación da antiga planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible. Unha vez rematada, previsiblemente a mediados de 2019, a instalación converterase na infraestrutura industrial das súas características máis eficiente e innovadora de toda Europa e nunha das de maior entidade e relevancia a nivel mundial, o que situará Galicia nunha posición de vangarda en materia de xestión e tratamento de residuos urbanos.

Así, coa culminación desta ampliación a capacidade da planta terase ampliado nun 81%, pasará das actuais 550.000 toneladas/ano nominais a 1.000.000 de toneladas. Isto significa que a Sociedade Galega do Medio Ambiente xestionará en condicións óptimas os residuos que recibe actualmente cada día dos 295 concellos galegos adheridos ao seus sistema, e

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

ademais podería dar tratamento, en caso de ser necesario, a todos os refugallos urbanos producidos no conxunto de Galicia.

Sogama continúa así dando pasos no proceso de transición ordenada en que está inmersa, avanzando cara a un novo concepto empresarial onde priman os principios da economía circular, a innovación tecnolóxica e a sustentabilidade.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A DECLARACIÓN DE EMERXENCIA DAS OBRAS DE REPARACIÓN DO NOIRO DO RAMAL DE SAÍDA A CANGAS DO CORREDOR DO MORRAZO, CUN ORZAMENTO DE CASE 1,5M€

- ***A intervención da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é consecuencia das choivas caídas nos últimos días de xaneiro, que provocaron o desprendemento de material que ocupou a calzada***
- ***Para garantir a seguridade da circulación, o Executivo autonómico aproba a realización de todos os traballos necesarios para a estabilización do noiro afectado***
- ***Co gallo da intervención, a Xunta habilitou o dobre sentido do tráfico no ramal de acceso ao corredor desde Cangas para permitir tamén a entrada directamente a esta vila desde o enlace***
- ***Estas obras non interferirán nos traballos de desdoblamento do último treito do corredor, que estarán rematados antes de verán***

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á declaración de emerxencia das obras necesarias para a reparación no corredor do Morrazo do noiro do ramal de saída a Cangas, enlace Meira-Alto da Porteliña, cun orzamento autonómico de preto de 1,5 millóns de euros.

Esta intervención da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é necesaria para asegurar a seguridade viaria neste ramal tras producirse un desprendemento no noiro como consecuencia das choivas caídas dos últimos días de xaneiro, así como as baixas temperaturas e xeadas conseguintes. Esas circunstancias provocaron na madrugada do pasado día 31 de xaneiro un desprendemento de material do noiro e a súa precipitación na calzada, á altura do punto quilométrico 11+100 do ramal de saída a Cangas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta interveu xa desde as primeiras horas no treito da vía afectada, para acometer a retirada do material procedente do desprendemento e liberar a calzada.

En paralelo, os técnicos observaron a existencia de elementos inestables no noiro e con risco de caída, e executaron os traballos precisos para provocar a súa caída controlada e correspondente retirada do material.

O persoal ao servizo da consellería analizou a situación xeral co fin de planificar as actuacións necesarias para garantir a seguridade da circulación neste treito, polo que está a intervir no noiro afectado.

Para minimizar a afección aos usuarios polo peche da vía, a Xunta habilitou o dobre sentido de circulación no ramal de acceso ao corredor desde Cangas, situado no punto quilométrico 12 (dirección Rande), para permitir tamén a entrada directamente a esta vila desde o enlace mentres se realizan os traballos de estabilización do noiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

As obras autorizadas hoxe polo Executivo autonómico inclúen, ademais, todos os traballos necesarios para a estabilización e consolidación do noiro, a reparación do firme tras rematar a intervención, como consecuencia da actividade da maquinaria no ramal afectado. Tamén se restituirá ao seu estado primitivo a sinalización horizontal e vertical, que foi substituída pola habilitación do actual desvío provisional.

A continuación amósase un plano a escala 1/1000 da zona de intervención:



A NOVA ESTRATEXIA GALEGA DE RSE IMPULSA 30 MEDIDAS PARA QUE GALICIA SEXA MÁIS IGUALITARIA, RESPONSABLE E COMPETITIVA

- ***O Consello da Xunta informou hoxe sobre a nova folla de ruta de responsabilidade social empresarial (RSE) que ata 2021 e cun orzamento de 50 millóns de euros fomentará compromisos económicos, ambientais e sociais nas compañías, administracións e grupos de interese***
- ***A iniciativa conta con tres retos, que inclúen 9 medidas novas para crear empresas, administracións e unha sociedade con valores co propósito de incrementar nun 15% o nivel de coñecemento da RSE, aumentar nun 65% o número de firmas cun alto grao de implementación e reducir nun 25% a fenda de xénero das persoas empregadas***
- ***Entre as novas accións destacan a creación da Marga galega de RSE, o impulso de programas que contribúan á transformación dixital sustentable e á incorporación de contidos vinculados a este eido nos plans de formación dirixidos a desempregados***
- ***Nas próximas semanas publicarase a convocatoria dos premios RSE, mentres que as axudas dirixidas a pemes e autónomos para a igualdade laboral e a conciliación xa están en marcha e remata o prazo de solicitudes o 14 de marzo***

Galicia conta cunha nova Estratexia de responsabilidade social empresarial (RSE) que ata o próximo 2021 impulsará un total de 30 medidas -9 son de nova creación- para construír unha Comunidade máis igualitaria, responsable e competitiva baseada na sustentabilidade. O que se busca con esta iniciativa, da cal se informou hoxe no Consello da Xunta, é promover comportamentos voluntarios nas empresas que vaian máis alá da lexislación vixente; fomentar compromisos económicos, ambientais e sociais entre empresas, administracións e demais grupos de interese; integrar conductas responsables nas estratexias e políticas da Xunta; e favorecer un diálogo aberto e transparente cos grupos referentes nesta materia.

A Administración pretende que o tecido produtivo galego e as administracións traballen da man cara a unha sociedade sustentable e consolidar así Galicia como un espazo de oportunidades para un desenvolvemento social, ambiental e económico responsable baseado na colaboración dos axentes públicos e privados e dos grupos de interese.

A Xunta desenvolverá esta folla de ruta para mellorar a competitividade das empresas, principalmente das pemes, a través da RSE e favorecer unha xestión responsable co obxectivo de impulsar un emprego de calidade atendendo á diversidade e á igualdade. Así mesmo, coas 30 medidas búscase mellorar a formación e coñecemento da RSE no tecido empresarial, recoñecer aquelas iniciativas referentes neste eido, divulgar o contexto global da sustentabilidade e, en definitiva, impulsar unha Galicia máis sustentable de futuro coa responsabilidade social empresarial como elemento diferencial. A Comunidade galega é pioneira a nivel europeo na aposta pola RSE, ao ser unha das primeiras rexións (ano 2012) en poñer en marcha iniciativas neste ámbito.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

A estratexia contén tres retos para crear empresas, administracións e unha sociedade con valores para lograr cinco obxectivos: incrementar nun 15% o nivel de coñecemento da RSE nas empresas galegas; aumentar nun 65% o número de firmas cun alto grao de implantación da RSE; lograr que se incremente en un 25% os plans de igualdade; reducir un 25% a fenda de xénero, e acadar un crecemento do 15% na oferta de contratos públicos que inclúan cláusulas sociais.

Empresas e sociedade con valores

O primeiro reto -empresas con valores- inclúe 18 medidas, entre as cales destacan como novas o desenvolvemento de programas que contribúan á transformación dixital sustentable do tecido empresarial galego; o impulso dunhas relacións laborais modernizadas baseadas na RSE e na súa inclusión na negociación colectiva; a formación en responsabilidade social empresarial (RSE) dirixida a traballadores das empresas, en xeral, e pertencentes a sectores específicos, estratéxicos e emerxentes como as TIC. Así mesmo, serán actuacións novas a inclusión de criterios nas convocatorias de axudas relativos a este ámbito, o desenvolvemento de actividades que promovan a colaboración entre entidades de economía social e empresas referentes en RSE, e a promoción da economía circular como alternativa para lograr un modelo de produción responsable.

Neste reto e entre as medidas que xa se levan a cabo, consolidarase o Grupo Galego de Representación Empresarial en RSE, que na actualidade está formado por 13 grandes compañías que acompañan a Xunta no impulso deste modelo entre as pemes. Tamén se reforzarán as axudas dirixidas a pemes e autónomos destinadas a favorecer a igualdade, a conciliación da vida laboral, persoal e familiar e a implantación de plans de RSE. A convocatoria deste ano xa está aberta e remata o próximo 14 de marzo. A Xunta está a investir nestas liñas de apoio, que poden chegar ata os 12.000 euros por empresa, máis de 1,5 millóns de euros, un 16% máis que en 2018. Ademais, continuarase co apoio para que as compañías galegas melloren a súa tecnoloxía para o aforro, depuración e uso eficiente da auga, así como a diminución do consumo enerxético.

O segundo reto -sociedade con valores- contén 9 medidas, das cales tres son novas: a creación dunha rede de empresas galegas RSE, a posta en marcha da Marca galega de RSE e a incorporación de contidos vinculados á RSE nos programas de formación destinados a persoas sen emprego. Reforzarase, ademais, o traballo do Observatorio Galego da RSE e nas próximas semanas convocaranse os galardóns RSE Galicia, que nesta edición inclúen dúas modalidades: Premio á RSE e Mención á conciliación. Para o galardón valorarase a firma dun xeito integral en tres ámbitos (laboral-económico, ambiental e acción social) e entregaranse tres categorías: pequena, mediana e gran empresa. Pola súa banda, para a Mención distinguirase a iniciativa que de xeito significativo propicie a conciliación.

Por último, a Xunta quere ser a primeira en dar exemplo e impulsar a RSE en Galicia. Por iso, o terceiro reto -administración con valores- aglutina o reforzo de tres actuacións: a integración dos obxectivos do desenvolvemento sustentable (ODS) e da Axenda 2030 como elemento marco nas políticas da Xunta; o fomento da contratación e compra pública

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

responsable, e a realización de iniciativas en materia de compra pública innovadora (CPI) con criterios sustentables.